

## **EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES DA UNIDADE 4: SOCIEDADE DE CLASES E HEXEMONÍA BURGUESA (3ª QUINCENA, 1ª PARTE)**

### **1. Comentario de texto:**

Despois de ler con atención (comprendendo todas as palabras) o texto, e de subliñar os termos ou expresións máis importantes, redacta un comentario do texto co seguinte esquema:

- **Introdución:** Parágrafo breve onde se contextualiza o texto na temática e no contexto histórico ao que pertence.
- **Desenvolvemento:** Explicación histórica dos aspectos máis importantes do texto, incluíndo o papel histórico xogado polo autor.
- **Conclusión (opcional):** Breve comentario persoal sobre o contido do texto no que se resalte a súa importancia histórica e a súa transcendencia para o presente.

\* Recorda que:

- non hai un esquema fixo para realizar un comentario de texto histórico, que pode estar ben feito seguindo guías ou modelos diferentes.
- antes de poñerte a redactar debes coñecer e comprender os contidos históricos aos que alude o texto.
- tan importante como o que dis e como o dis. É dicir, que a boa redacción e a escritura en xeral teñen tamén moita importancia á hora de valorar un comentario.
- en definitiva, que se trata de que unha persoa que non saiba nada dos aspectos históricos relacionados co contido do texto, os poida coñecer lendo o teu comentario.

*"Marx é un comunista autoritario e centralista. Quere o mesmo que queremos nós: o triunfo da igualdade económica e social, pero no Estado e pola forza do Estado; pola ditadura dun goberno provisional, poderoso, e por dicilo así, despótico, isto é, pola negación da liberdade. O seu ideal económico é o Estado convertido no único propietario da terra e de todos os capitais, cultivando a primeira por medio de asociacións agrícolas, ben retribuídas e dirixidas polos seus enxeñeiros civís, e organizando os segundos mediante asociacións industriais e comerciais.*

*Nós queremos ese mesmo triunfo da igualdade económica e social pola abolición do Estado e de todo canto se chame dereito xurídico que, na nosa opinión, é a negación permanente do dereito humano. Queremos a reconstitución da sociedade e a constitución da unidade humana, non de arriba abaixo pola vía de calquera autoridade, senón de abaixo arriba, pola libre federación das asociacións obreiras de toda clase emancipadas do xugo do Estado."*

Carta de Bakunin, 1872.

### **CONCEPTOS CLAVE:**

1. Diferencias ideolóxicas entre marxistas e anarquistas
2. Marxistas e anarquistas dentro do Movemento Obreiro (a I Internacional)

## Solución ao comentario de texto

**"Marx é un comunista autoritario e centralista. Quere o mesmo que queremos nós: o triunfo da igualdade económica e social, pero no Estado e pola forza do Estado; pola ditadura dun goberno** provisional, poderoso, e por dicilo así, despótico, isto é, pola negación da liberdade. O seu ideal económico é o Estado convertido no único propietario da terra e de todos os capitais, cultivando a primeira por medio de asociacións agrícolas, ben retribuídas e dirixidas polos seus enxeñeiros civís, e organizando os segundos mediante asociacións industriais e comerciais.

**Nós queremos ese mesmo triunfo da igualdade económica e social pola abolición do Estado** e de todo canto se chame dereito xurídico que, na nosa opinión, é a negación permanente do dereito humano. Queremos a reconstitución da sociedade e a constitución da unidade humana, non de arriba abaixo pola vía de calquera autoridade, senón de abaixo arriba, pola **libre federación das asociacións obreiras de toda clase emancipadas do xugo do Estado.**"

Carta de Bakunin, 1872.

### COMENTARIO DO TEXTO DE BAKUNIN

- O texto é unha carta do principal representante da ideoloxía anarquista, Bakunin, de 1872. Nela o autor comenta as semellanzas e as diferencias entre a súa ideoloxía e a ideoloxía marxista, dominantes no movemento obreiro, no seo da Primeira Internacional.

- O movemento obreiro, que xurdiu no s. XIX como reacción ante ás malas condicións de vida dos obreiros durante o proceso da Revolución Industrial, careceu dunha ideoloxía ata a formulación do marxismo e, máis tarde, do anarquismo. Ata ese momento os obreiros loitaban pola mellora das súa situación económica pero sen un programa revolucionario que os mobilizase para transformar a sociedade capitalista.

Marxismo e anarquismo coinciden na finalidade, querían —como di Bakunin— *“o triunfo da igualdade económica e social”*. É dicir, acabar coa sociedade dividida en clases segundo a riqueza, para establecer unha sociedade sen clases, sen diferencias económicas entre os individuos. Sen burgueses e proletarios.

Pero, aínda que pretendían o mesmo fin, os métodos para chegar a el, son diferentes para anarquistas e marxistas. Estes ven na consecución do poder político por parte do proletariado o medio para acadar a igualdade. Para conseguir o poder político necesitábase un partido obreiro que conseguise o poder e mediante unha ditadura transitoria (ditadura do proletariado) que destruíse a sociedade burguesa, formando —despois— unha sociedade igualitaria sen propiedade privada. O instrumento da revolución é o Estado: *“... pola ditadura dun goberno provisional poderoso, e por así dicilo, despótico, isto é pola negación da liberdade...”*.

Para os anarquistas o obxectivo non é o control do Estado, senón a súa destrución: *“...abolición do Estado e de todo canto se chame dereito xurídico...”*. O Estado e a propiedade (herdanza) son os instrumentos da opresión burguesa sobre os traballadores e da desigualdade, respectivamente, polo que calquera método é bo para destruílos (folgas, motins, mesmo o terrorismo). Despois de ter destruído ao Estado estableceríase unha *“libre*

*federación de asociacións obreiras*” controladas directamente polos traballadores, sen ningunha autoridade política, e baseadas na axuda mutua.

A AIT (Asociación Internacional de Traballadores) ou Primeira Internacional —creada en 1864 en Londres por obreiros de distintos países— xurdiu para intentar que os obreiros, por riba dos sentimentos patrióticos, loitaran coordinados contra a explotación que sufrían. Non acadou unha gran militancia, e o enfrontamento entre anarquistas e marxistas desde 1869 provocou a disolución da AIT en 1876. Cando, en 1889, se creou a II Internacional só participaron na mesma os grupos marxistas.

- O texto plasma de xeito claro e conciso as principais diferencias ideolóxicas entre anarquistas e marxistas. Ambas ideoloxías, despoixadas máis tarde dos seus aspectos máis radicais, canalizaron a loita obreira a través dos partidos e sindicatos obreiros ata o presente. A pesar da división ideolóxica, e da represión dos Gobernos burgueses, conseguiron grandes melloras nas condicións de vida e traballo dos obreiros dos países industrializados das que hoxe se benefician os traballadores. Sen embargo, *“o triunfo da igualdade económica e social”* é un obxectivo esquecido nas mobilizacións obreiras do presente.

## 2. Contesta brevemente ás preguntas

- 2.1. Que papel xogan a burguesía e o proletariado dentro do sociedade de clases?
- 2.2. Por que era tan importante o sufraxio universal para os obreiros?
- 2.3. Por que se empregaba a mulleres e nenos nas fábricas?
- 2.4. Cal foi a primeira reivindicación dos obreiros o 1 de maio?
- 2.5. Cal é a principal diferenza entre a sociedade galega do século XIX e a dos países industrializados?
- 2.6. Por que as mulleres estaban excluídas de dereitos, sendo burguesas ou obreiras?

### Solución as preguntas de resposta breve:

- 2.1. A burguesía posúe os medios de produción (o capital) e os traballadores só poden ofrecer a súa forza de traballo a cambio dun salario.
- 2.2. Porque pensaban que, podendo votar, elixirían a parlamentario da súa clase que loitarían por aprobar leis que os beneficiasen a eles e non só á burguesía.
- 2.3. Porque sendo capaces de realizar determinados traballos con igual ou maior eficiencia cos homes, recibían un traballo menor.
- 2.4. As 8 horas máximas de xornada laboral diaria.
- 2.5. Na sociedade galega seguen predominando os grupos sociais do Antigo Réxime (campesiñado, fidalguía, clero...) e os cambios son cativos ata ben avanzado o século.
- 2.6. Porque no tiñan dereitos legais, nin dereito a votar, e pasaban da tutela do pai que era o representante familiar á tutela do marido. A lei considerábaas menores de idade xunto cos nenos e deficientes mentais.

### 3. Comenta a imaxe:

O comentario ou comparación das imaxes, tendo en contas as diferenzas formais, debe seguir un modelo semellante ao comentario de textos. Podes seguir a guía de preguntas situada debaixo do debuxo, pero non é obrigatorio.



*Producción de panos baratos, John Leech (1845)*

- Sitúa o debuxo no contexto histórico (revolución industrial, sociedade de clases...) e descríbeo.
- Por que había tantas diferenzas sociais? Que aportaban os obreiros e os burgueses ao proceso produtivo? Quen se beneficiaba do aumento da produción (dos 'panos baratos')?
- Que fixeron os traballadores para mellorar a súa situación? Poderían conseguir pacificamente?

#### **Solución ao comentario da imaxe**

- O debuxo amósanos de maneira satírica as relacións de produción, entre obreiros e patróns na Inglaterra de mediados do século XIX. Preséntanos a un grupo de esqueletos, obreiros dunha fábrica téxtil, traballando, mentres son observados polo dono da fábrica, polo patrón, que sentado, fuma un cigarro.

O caricatura social, esaxerada, reflicte sen embargo unha realidade socioeconómica ben real. Durante o proceso de industrialización do século XIX os obreiros traballaban xornadas inhumanas por salarios de miseria (de fame), nunhas condicións penosas. O burgués, dono da fábrica, podía vender panos máis baratos, e polo tanto vender máis, porque os salarios eran moi baixos. A diferenza entre os seus ingresos do propietario e o que realmente lle pagaba aos traballadores (menos se eran mulleres ou nenos) é o que chamou Marx a plusvalía.

Os obreiros para loitar contra a explotación exercida pola burguesía capitalista organizáronse creando asociacións (sindicatos) para loitar coordinados fronte aos desexos

dos patróns de sempre gañar máis, pagándolle menos aos obreiros. Non foi unha loita fácil e ata ben avanzado o século XIX non se foron acadando melloras significativas nas condicións laborais, sempre despois de constantes e moitas veces violentas mobilizacións, xa que os privilexiados non deixaron de usar forza represiva do Estado ao seu servizo para frear calquera mobilización (manifestacións, folgas, mitins, etc.).

**4. Redacta unha frase breve, pero coherente, relacionando historicamente os conceptos de cadanseu grupo.**

- 4.1. I Internacional- Comuna- Represión
- 4.2. II Internacional- I Guerra Mundial
- 4.3. Fidalguía- Foros- Campesiñado
- 4.4. Mulleres- Espazo publico- Esfera doméstica- Fogar

**Solución as frases de conceptos**

- 4.1. A AIT ou **I Internacional** tivo unha influencia cativa, pero sen embargo acusárona de estar detrás da sublevación da **Comuna** de París en 1871, e moitos internacionalistas sufriron a durísima **represión** posterior.
- 4.2. A **II Internacional** entrou nunha grave crise cando as organizacións obreiras nacionais apoiaron aos respectivos gobernos cando se declarou a **I Guerra Mundial**, esquecendo as proclamas antibélicas da Internacional socialista.
- 4.3. Na sociedade galega do s. XIX os **fidalgos** conservaron a preponderancia social do Antigo Réxime, seguindo a gozar dos **foros** que pagaba o maioritario **campesiñado**.
- 4.4. O **espazo público** ( prazas, oficinas...) estaba reservado para os homes e a **esfera doméstica** era o lugar natural no que se desenvolvía a vida das **mulleres**, que era o **fogar**.